

DEMANDAS DENDE A NOSO CONSELLO

Solicitamos:

- En base a lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais O Consello Escolar **esixe** o cumprimento do seu artigo 14 “ O coste das medidas relativas a seguridade e saúde no traballo non deberá recaer en modo algún sobre os traballadores. É obriga da entidade empregadora (pública ou privada) protexer os empregados fronte os riscos laboráis.....”
- Se dote aos centros de **maiores recursos económicos** (incremento do orzamento anual ou partida orzamentaria complementaria de material hixiénico-sanitario COVID19) para facer fronte ás importantes inversións que supón acondicionar os centros á nova realidade.
- **Dotación de persoal docente** para atender ao alumnado con seguridade e calidade educativa. Propoñemos un mestre, fóra de catálogo, para cada etapa educativa de infantil e primaria, no vindeiro e excepcional curso escolar.
- **Persoal de apoio COVID-19 e incremento do persoal de vixilancia do comedor e limpeza** nun acordo conxunto co Concello e Sanidade: unha persoa limpadora exclusiva para o tempo de comedor e unha para a xornada lectiva con total dedicación e unha persoa do ámbito sanitario por centros ou áreas educativas para supervisar o proceso hixiénico-sanitario.
- **Asegurar os servizos de comedor, transporte escolar e aulas de madrugadores** con protocolos seguros e con dotación coherente e suficiente de recursos humanos.
- **Inverter en medios tecnolóxicos nos centros e nas familias sen recursos** para garantir unha educación que camiñe cara a igualdade efectiva, reducindo a brecha social.
- **Retrasar o inicio de curso** co fin de preparar adecuadamente os centros e a organización e formación dos equipos docentes.
- **Coordinación das responsabilidades conxuntas das administracións** nas labores de desinfección e limpeza dos centros.
- **Asesoramento e visado por especialistas na elaboración e aprobación dos protocolos COVID-19** polos organismos correspondentes
- **Deseñar un único Protocolo** que teña en conta as etapas educativas, de xeito diferenciado e que atenda con **sensibilidade e recursos a inclusión educativa** e que os centros de educación especial estean integrados nese protocolo. A inclusión supón non ter protocolos diferentes.
- O Consello Escolar entende que dada a situación se leven a cabo as demandas solicitadas e valora o dereito a folga de pais e nais.